



PROCEDIMENTO: CT302D_Subvencións para o desenvolvemento de proxectos de programación musical en salas privadas, convocatoria 2026.

ASUNTO: Resolución de nomeamento da comisión de valoración

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1. Con data 10 de decembro de 2025, o Diario Oficial de Galicia, nº 238, publicouse a Resolución do 27 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o desenvolvemento de proxectos de programación musical en salas privadas e a súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento CT302D).

2. O artigo 16 destas bases recolle que se constituirá unha comisión de valoración das solicitudes presentadas.

A Comisión de Valoración será nomeada pola persoa titular da Dirección da Axencia Galega das Industrias Culturais e estará constituída por:

- a) Dúas persoas do cadro de persoal da Agadic, unha das cales realizará as funcións da secretaría, con voz e sen voto.
- b) Dúas persoas expertas do ámbito da música en Galicia, unha delas asumirá a presidencia.

A mesma base recolle tamén que "a condición de vogal da comisión ten carácter persoal e non pode actuar por delegación nin ser substituído en ningún caso".

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Segundo o artigo 2 do Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galegas das Industrias Culturais, correspóndelle á dirección, como órgano executivo da axencia, a súa dirección e xestión ordinaria.

No artigo 21 dos devanditos Estatutos, establécese que a Dirección ten entre as súas atribucións "instruír os procedementos sancionadores e os procedementos de concesión de axudas e subvencións".





En base ao exposto

RESOLVO:

Nomear a comisión de avaliación deste procedemento de subvencións, que segundo o artigo 16 das bases terá a seguinte composición:

- Dúas persoas expertas do ámbito musical, unha das cales asumirá a presidencia:
 - Patricia Blanco Suárez, en calidade de Presidenta
 - Javier Becerra Lorenzo, en calidade de Vogal
- Dúas persoas do cadro de persoal da Axencia, unha das cales fará as funcións de secretaría da comisión, con voz e sen voto.
 - María Paredes Rodríguez, en calidade de Vogal
 - Julia Gayoso Peña, con funcións de secretaría da comisión

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director da Axencia Galega de Industrias Culturais

Jacobo Sutil Nesta

